

**<< DECRETO DO 21 DE XULLO DE 2017:**

**D. Antonio Míguez Nogueiras, Alcalde en funcións do Concello de Vilar de Santos (Ourense)**, en base ás competencias que atribúe á Alcaldía o artigo 21.1g. da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das bases de réxime local e,

VISTO o “Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilar de Santos para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020” polo que se financia unha brigada de 5 compoñentes.

RESULTANDO, de todo o exposto anteriormente, que conforme ó artigo 20.Dous da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, que a contratación que se pretende se trata dun caso excepcional para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que afectan ó funcionamento do servizo público esencial de prevención e defensa contra os incendios forestais.

VISTO o Decreto da Alcaldía de data 12/06/2017 polo que se convoca concurso público para a provisión en réximen de dereito laboral temporal de 4 prazas de peóns e 1 praza de xefe de brigada de prevención e defensa-extinción contra incendios forestais e se aproban as correspondentes bases.

VISTA a proposta de resolución da Comisión de Selección formulada con data 29 de Xuño do 2017,

VISTAS as renuncias ó posto presentada por Victor Manuel Pedras Ledo, María Gil Diz, María Olivia Ralha Rosa, Rubén Rodríguez Enríquez, Adrián Villar Fernández e Daniel Amat García e a non superación das probas físicas de Jesus Hipólito Losada García.

RESULTANDO que os aspirantes superaron con éxito as probas físicas, recoñecemento médico e curso de formación.

**RESOLVO:**

1.- Seleccionar, en réxime de dereito laboral temporal a xornada completa,

a) Para proveer a praza de xefe de brigada prevención e defensa-extinción contra incendios forestais:

Sonia Coello Dapena	44463059B
---------------------	-----------

b) Para proveer 4 prazas de peons de brigada prevención e defensa-extinción contra incendios forestais:

Carmen García Gómez	76713794P
María Jesús Álvarez Mota	12750230L
Isabel Cristina Quelle Saburido	44490463E
Albino Rodríguez Jardón	76714418B

2.- Formalizar o correspondente contrato laboral de obra ou servizo determinado, por 3 meses, cos seleccionados e dalos de alta no réximen xeral da Seguridade Social con data 24 de Xullo do 2017.

3.- Aprobar unha listaxe de suplentes (bolsa de traballo) cos restantes aspirantes non seleccionados, de acordo coa orde decrecente de puntuación que acadaron.